

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES-AGAPI PARA A ELABORACIÓN DO ANUARIO DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Galega de Produtoras Independentes-Agapi** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da súa sinatura ata o 10 de setembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas coa elaboración do estudo do sector audiovisual galego 2019, un labor de recompilación e escolma dirixido a recoller todos os datos e accións levadas a cabo no eido audiovisual durante o ano 2019 e que se concreta na elaboración final do Anuario do sector audiovisual.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación e de potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación Galega de Produtoras Independentes que permitan a súa participación na elaboración do estudo sobre o sector audiovisual galego correspondente ao ano 2019, en consonancia cun dos fins da Axencia, o de impulsar e realizar estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural. É este estudo unha importante ferramenta divulgativa e de consulta que ademais de servir de base a multitude de traballos de investigación ten como claro obxectivo contribuír ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas. A recollida anual de datos cualitativos e cuantitativos reflectidos nestes estudos que se veñen realizando de forma ininterrompida dende o ano 2005 constitúen xa unha referencia no sector, un indicador obrigado indicativo dos avances do sector audiovisual en Galicia e do peso das industrias culturais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

